

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE MAIO DE**

**2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de maio de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama e dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asiste, con escusa, don Felipe Andreu Barallobre, do PP.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 24 de abril de 2008**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 24 de abril de 2008.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

## **2º Proposta de adhesión ao Grupo de Desenvolvemento Rural-GDR 29**

Vista a proposta do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego de data 23 de maio actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 27 de maio actual.

Toma a palabra don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, quen manifesta que o seu grupo está de acordo con todo o que sexa bo para Cambre, pero que se exclúe especificamente aos núcleos de Cambre, A Barcala, a parroquia do Temple, e o polígono industrial de Espírito Santo, e quere preguntarlle ao Sr. concelleiro se sabe que no anterior grupo de acción local tamén foi así e logo, ante a incapacidade para repartir os fondos, houbo que recorrer aos polígonos industriais, por iso quere saber se neste caso tamén está aberta esa posibilidade.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que entende que iso non é así, e que se máis adiante se adopta esa decisión, non corresponde ao concello, senón á Consellería. En principio parece que a idea esta bastante clara, e indícao porque paralelamente á redución dos núcleos, tamén hai unha redución paralela do orzamento, e parece que a intención é apoiar aos municipios con base rural e aos núcleos rurais alá onde estean. E repite que a decisión de modificar isto non sería do concello, senón da Consellería.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, en todo caso, o voto do seu grupo vai ser favorable.

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, quen manifesta que o voto do seu grupo vai ser favorable. E respecto da discusión sobre que núcleos quedaban fóra ou non, di que ese é un criterio novo deste ano da Consellería de Medio Rural para aplicar os fondos ao desenvolvemento rural. O que fixo foi centrar eses fondos para os obxectivos para os que estaban previstos, que é o desenvolvemento rural, porque para o desenvolvemento de zonas urbanas e industriais xa se manexan outros tipos de orzamentos, partidas e recursos.

Segue dicindo que o concello será ao que lle corresponderá beneficiarse na medida en que saiban xestionalos, presentar os proxectos, e executalos.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

A adhesión do Concello de Cambre como socio do Grupo de Desenvolvemento Rural - GDR 29, que terá a forma de asociación sen ánimo de lucro, segundo a Lei 1/2002 de asociacións de Galicia.

### **3º Proposta de aprobación do expediente de modificación de créditos n.º 2/2008, de suplemento de crédito e crédito extraordinario**

Vista a proposta do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego de data 23 de maio actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 27 de maio actual.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, informa de que o que se trae a este pleno non é un acordo sobre en que investir ou en que non investir, xa que esa xa foi unha decisión adoptada no pasado, aquí do que se fala é de cumprir un trámite burocrático, consecuencia da situación na que se está co orzamento. Di que todas as obras e convenios que se traen son partidas de investimentos ou partidas específicas, as cales non poden ser nunca prorrogadas nos orzamentos, pero que se trata de decisións políticas que xa foron adoptadas no pasado. Di que está a falar de aprobar unha modificación para os investimentos en instalacións deportivas, en particular un campo de fútbol de herba sintética, que se fala dunha modificación de crédito de 156.000 euros, fruto dun convenio asinado coa Deputación, e que se non se aprobase suporía unha perda para o concello de 228.000 euros, que é a parte que pón a Deputación. Di que tamén teñen o investimento en saneamento e obras públicas, unha partida de 29.000 euros, pero que trae consigo unha contrapartida a recibir da Deputación dun total de 375.000 euros. Tamén está a partida de investimentos en infraestruturas urbanas, o estabilizador de aforro enerxético no Corgo, que é de 34.000 euros, pero na que se vai a recibir, por parte da Xunta, 23.000 euros. Tamén está a escola de música, na que se van achegar 230.000 euros, pero no que se van recibir do Grupo de Acción Local preto de 200.000 euros. En total, o concello estaría aprobando un gasto de 454.000

euros en proxectos aprobados e discutidos no pasado, e recibiría das outras administracións un total de 814.000 euros. Se non se aprobase isto o concello tería unha perda de preto do millón de euros.

Continúa dicindo que, por outra parte, hai outras partidas que tamén foron aprobadas o ano pasado, como é o caso do servizo de axuda a domicilio, ou o arrendamento das oficinas municipais, e outros son gastos, convenios, que implican á vida social e deportiva do concello, e que non aprobalos suporía non poder sufragar os gastos da escola de baile Sementeira, do club ciclista de Cambre, do convenio de delegación de fútbol sala de Cambre, do convenio da agrupación polideportiva de baloncesto, convenios con clubs de fútbol, ou o convenio de beisbol. Todos eles sumarían pouco máis de 83.000 euros.

Por todo o anterior, o Sr. Salcines di que entende que, dar un voto afirmativo a estas partidas implica continuar cun proxecto de apoio ao tecido social, que xa foi discutido no pasado, e tamén continuar cuns investimentos que xa foron discutidos, e que ademais son cofinanciados. O concello estaría perdendo cerca do millón de euros.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que o Sr. Salcines repetiu dúas veces que negarse a aprobar isto representa unha perda para o concello de preto do millón de euros, e a el parécelle unha irresponsabilidade inmensa expoñerlle isto ao pleno nestas condicións. Non se pode pretender que se aprobe isto nun pleno sen ter falado cos demais grupos.

Segue dicindo que lles presentan unha proposta de suplemento de crédito e crédito extraordinario de 726.000 euros, este importe representa aproximadamente o 60% da partida que existe en Cambre para investimentos. Di que a responsabilidade do Sr. Salcines é dotar ao concello de orzamentos para o 2008, e que en lugar de facer iso se dedica a mandar recados aos xornais sobre posibles pactos mentres os orzamentos están paralizados.

Engade que a semana pasada tivo lugar un pleno extraordinario sobre O Temple, que o PP consideraba moi importante para o conxunto do Concello de Cambre, pero que non viron esa mesma inxerencia no equipo de goberno, porque faltaba tanto o concelleiro de Réxime Interior, Sr. Varela Tejedor, como o concelleiro de Facenda, Sr. Salcines, e tamén se notou na falta de interese posta nos informes presentados. Di que o equipo de goberno sabe perfectamente que poden falar con eles cando queiran, que eles están dispostos, pero que non falan. O que non pode facer o Sr. Salcines é tentar pasarlles a eles a responsabilidade de que se perda un millón de euros.

Continúa dicindo que en decembro pasado xa se aprobou outro expediente de crédito, e xa lles advertiron de que non presentasen os expedientes así, que están en minoría e esta non é forma de traballar, e que teñen que presentar os expedientes punto por punto, non todas as partidas xuntas, porque pode haber algunhas coas que estén de acordo e con outras non. Di que non tomaron nota e que agora están igual ou peor.

Conclúe dicindo que o seu grupo só lles pon catro condicións para poder falar dos orzamentos ou de calquera outro asunto económico: austeridade, rigor, seriedade e respecto. Piden que se lles explique detalladamente o que queren facer con ese diñeiro, que escoiten aos outros grupos e que acepten as condicións que lles poñen, porque así lles irá moito mellor, non só a eles, senón a todos os veciños de Cambre. Di que a obriga do Sr. Salcines é dotar a este concello de orzamentos, e non viaxar a Londres, ou enviar a dous funcionarios a Málaga a presentar un programa de tapeo na Tapia. Tamén lle recomenda que non debe caer na tentación de facerse as vítimas co que lles vai pasar hoxe, que iso xa o fixeron durante 20 anos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez dá lectura ao que pon o “Manual do concelleiro” do PSOE, que lle facilitou o Sr. Varela Tejedor ao comezo da lexislatura, e no cal se di que o concepto de crédito extraordinario é o de asignación dun crédito orzamentario a un gasto non previsto inicialmente no orzamento aprobado, e cuxa execución non é posible demorala ao exercicio seguinte. Di que este non é o caso porque, en primeiro lugar, non teñen orzamento prorrogado e, en segundo lugar, non é imposible aprobalo neste exercicio.

E con respecto ao suplemento de crédito, di que se trata da asignación dunha maior consignación orzamentaria a unha partida de gastos cuxo crédito é insuficiente para atender a un gasto cuxa execución non é posible demorar ao exercicio seguinte. Di que, unha vez máis, isto non é o caso.

Solicita, por tanto, que as cousas se presenten punto por punto, que se fale con eles detalladamente, que falen con eles dos orzamentos, e lémbrales de novo as catro claves que antes lles mencionou: austeridade, rigor, seriedade e respecto. E por todo o anterior, o voto do seu partido vai ser en contra.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que antes de que o Sr. Cubeiro fose concelleiro, xa existía o concello, xa existían plenos, xa se tomaban decisións, e xa estaba o PP, e aquí do que se trata é de acordos que xa se tomaron no seu momento, e que non se poden borrar e

deixar a cero. Son decisións que non se veñen a debatir agora, porque xa están tomadas. En segundo lugar, dille que o que hai non é falta de diálogo, que o diálogo existe, que o que hai é falta de acordos. Recoñece que o rigor é fundamental, e que cando o Sr. Cubeiro di que o plan que hai no Temple é un plan de tapeo, o que está facendo é desprezar o traballo dos seus técnicos. Dille que a el pode dicirlllo, porque é parte do seu papel como concelleiro, pero o que non pode facer é desprezar o traballo dos técnicos municipais, que é xente seria e de primeiro nivel, como se demostrou durante a presentación do proxecto. Dille que o que pasa é que non entendeu o proxecto, e que cando non se entenden as cousas é cando se desprezan, que debería preguntar para saber en que consiste exactamente.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que as afirmacións do Sr. Salcines sempre lle sorprenden, que agora dilles que aprobar unha modificación desta envergadura é un trámite burocrático. El pensa que non é así, que levan meses agardando polo documento de orzamentos para Cambre, un documento ben estudado en todos os seus termos, aínda que non estén de acordo con el. Di que levan meses vendo unha situación de parálise, de atraso, de que a xente reclama cousas e non ven resultados, e que tenderon a man ao goberno en minoría para que falasen con eles, e aínda están esperando, que o único que ven son declaracións de boa vontade nos medios de comunicación, pero que non van a ningures. Di que isto que traen agora é a demostración de que son absolutamente incapaces de presentar un documento que é imprescindible para que as cousas funcionen, o orzamento. Dilles que se están en minoría teñen que dialogar, e que nalgunha cousa van ter que ceder, porque con sete concelleiros teñen unha parte de razón, pero que eles con catro tamén teñen outra parte, e así con todos os grupos políticos. Pero que nin sequera o intentan.

Dille que hoxe, no seu discurso de presentación, deu máis datos que todos os que tiña dado ata ese momento, porque o día da comisión tardou 20 segundos na súa explicación. Dille tamén que, en todo caso, o tema de Sementeira é unha escola de música, non de baile, e que hai que precisar as cousas, porque este non é un trámite burocrático, e non se poden facer as vítimas, o que teñen é que negociar o documento de orzamentos, pero tamén as modificacións de crédito. Todas estas cousas teñen que negociarlas, e se non o fan atópanse co que lles está pasando, que está a chegar o mes de xuño e o único que traen ao pleno é un parche para evitar traer o documento do orzamento. Pensa que están nun momento de debilidade absoluta, e que para que as cousas saian adiante, a solución está no diálogo.

Conclúe dicindo que o voto do BNG vai ser negativo, e que para as cousas realmente urxentes que se incluíron na proposta, que non son todas, que se traían unha por unha a outro

pleno, que seguro que van contar cos apoios necesarios, pero que non presenten as cousas todas en bloque. E pide que se elabore o documento do orzamento, que é un documento de carácter político, non burocrático, no que se fixan os obxectivos do goberno para o ano.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que o investimento na bancada do campo de fútbol forma parte dunha decisión que se tomou por un goberno no que estaba o Sr. Iglesias, que non é algo que se decidise agora, que os investimentos en obras e servizos tamén foron decisións tomadas sendo concelleiro o Sr. Iglesias, e o mesmo para o caso da escola de música e moitos máis. Di que agora se trata de habilitar partidas para pagar todos eses gastos que se adoptaron no pasado e que afectaban a máis dun ano, e que por iso fala de trámite burocrático, porque do que se trata é de abrir unha nova partida, non de tomar decisións políticas, que esas xa están tomadas, e que lle parece unha incoherencia que un concelleiro que votou favorablemente a toma deses acordos, agora vote en contra de pagar esas obrigas adquiridas.

Conclúe dicindo que o que se pretende con todo isto é paralizar o goberno municipal e levar a situación a un punto crítico.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que foi o goberno do que forma parte o Sr. Salcines o que levou ao concello a unha situación crítica, non a oposición. Di que el xa propuxo que se traian os investimentos concretos que teñen que ser pagados, e que se digan as datas concretas en que se debe facer, porque hai cousas que non se teñen que pagar agora, por exemplo, a escola de música. Pide que non se traian as cousas en bloque, porque iso é traer ao pleno un orzamento encuberto. Tamén lle di ao Sr. Salcines que antes lle argumentou ao Sr. Cubeiro que tiña que apoiar a proposta porque non era concelleiro cando se adoptaron as decisións, e que agora utiliza o mesmo argumento, pero do revés, para dicirlle a el que como xa era concelleiro naquel entón, que ten que apoiar a proposta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que non están en contra de dar cumprimento aos gastos adquiridos, que están en contra da maneira de presentalo e das formas nas que se trata de resolvelo. Di que o equipo de goberno ten que asumir que está en minoría, que o exercicio da negociación cos grupos da oposición é moi saúdable e enriquecedor. Considera que o expediente que se trae ao pleno é o resultado da falta de planificación, sumado á improvisación do goberno e á súa incapacidade para presentar os orzamentos do ano 2008. Di que con este expediente de modificación de crédito se pretende dar carpetazo á práctica totalidade dos investimentos para este ano.

Continúa dicindo que para o seu grupo os orzamentos municipais son o instrumento de actuación máis importante do concello para atender as demandas e necesidades dos veciños de Cambre. Hai un mes, máis ou menos, o Sr. Salcines pediulles ao resto dos grupos que presentasen algunha alternativa a un pequeno borrador simplificado que lles deu. Esquerda Unida presentou 25 propostas e o Sr. Salcines contestoulles que era unha carta aos Reis Magos.

Manifesta que para calquera cidadán de Cambre que faga un mínimo seguimento á vida municipal, é evidente a deterioración da política municipal, o mal ambiente que se respira, entre outras cousas porque faltan as boas prácticas e a confianza imprescindible que debe presidir a institución municipal, se non se corrixe a situación que se está a vivir, non van chegar a bo porto. Non existe a armonía que é necesaria entre os distintos grupos municipais, e que debería existir aínda dentro dos diferentes conceptos da vida política e social que todos eles teñen.

Segue a dicir que dende EU pensan que a estratexia do goberno é confundir e neutralizar á oposición, tratando de impedirlle o libre exercicio do seu deber, que é fiscalizar o goberno municipal, e tamén levar propostas e defender os intereses dos cidadáns, de todas as opcións políticas. Di que con propostas como as que están a discutir o que se consegue é crispar a relación política de forma permanente, debilitando as estruturas democráticas que se fundamentan no respecto, a pluralidade e a tolerancia. O importante en política non é só gañar as eleccións, é saber administrar, e iso non se consegue con imposicións e con desprezos aos grupos da oposición, tratando de minimizar as súas iniciativas, e sen dar resposta a feitos concretos, sobre todo tendo en conta a situación de minoría en que se atopa o goberno de Cambre.

Dille ao equipo de goberno que desexarían sinceramente outra relación, á marxe das lóxicas diferenzas que poden existir entre os distintos grupos da oposición. Desexarían máis capacidade de razoamento, e máis vontade para aceptar propostas que o único que pretenden é beneficiar ao conxunto dos veciños de Cambre. Ao goberno municipal correspóndelle administrar a xestión do concello, pero debe facelo cunha política integral, creativa e, sobre todo, participativa e transparente. Di que EU considera que existe outro xeito de gobernar, con máis participación, máis transparencia, e sobre todo, con máis humildade. Pídelle ao Sr. alcalde que recapaciten, que deixen o tema sobre a mesa, e que convoquen aos grupos da oposición co fin de chegar a acordos concretos e puntuais no tema que lles ocupa, mentres tanto, votan en contra da proposta.



Don José Venancio Salcines Cristal contesta que cando lle dixo ao Sr. Taibo que a súa demanda de obras se asemellaba a unha carta aos Reis Magos, fíxoo en privado, non en público, non era unha falta de respecto. Dille que onde de verdade se respira unha falta de respecto cara os demais, é nos folletos de EU, onde o outro día os chamaban “banda de tonechos”, en referencia aos cómicos da TVG.

Continúa dicindo que cando lle solicitaron unha lista de propostas, o Sr. Taibo presentou unha lista para a que sabía perfectamente que non hai diñeiro, en ningún dos concellos da zona, para poder levala a cabo. Pedía o imposible, e para que poida haber o diálogo que pide, hai que falar en serio.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que ten pouco sentido do humor, que el non escribiu o folleto ao que se referiu, pero que o subscribe, porque neste país hai liberdade de expresión. Dille que cando presentaron os seus 25 puntos, o Sr. Salcines non tivo a capacidade nin a valentía de chamalos para dicirlles o que lles dixo aquí, foi un desprezo absoluto á súa proposta. Pregúntalle se o que quería era que puxesen só un ou dous puntos, eles puxeron os puntos que levaron no seu programa electoral, e se se podían facer, moi ben, e se non, o que tiñan que facer era chamalos e dicirlles porque non podía ser.

Di que saben que eles non son determinantes para aprobar os orzamentos, pero si poden contribuír con propostas.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), confirma que o seu voto vai ser negativo, como xa dixo na comisión informativa. Pensa que traer esta modificación de crédito a estas alturas de ano é unha irresponsabilidade total por parte do equipo de goberno, que amosa unha falta total de interese por traballar polos veciños de Cambre. Parécelle, incluso, que lles están intentando botar a culpa aos grupos da oposición por votar en contra, e que case son eles os responsables de que se perda o millón de euros do que falaba o Sr. Salcines.

Manifesta que non é responsabilidade nin culpa dos grupos da oposición o que está pasando. Pide que se traia o orzamento municipal para que o aproben, e despois poderán botarlles a culpa se pasa algo, pero non poden botarllela pola súa propia irresponsabilidade. Di que o que traen a este pleno é un panfleto no que van as 2/3 partes dos investimentos municipais para este ano, non vai quedar nada para aprobar no orzamento.

Di que entende que se poida traer algunha cousa puntual por algún tema urxente, pero o que

non poden pretender é camuflar o orzamento deste ano dentro dunha modificación de crédito, e por riba dicíndolles que son eles os que van ocasionar que se perda o diñeiro.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que hai un ano o Sr. Marante pelexaba por acadar un convenio para o club ciclista, para o fútbol, para o baloncesto, etc., e agora resulta que, un ano despois, eses convenios son un panfleto.

Don Manuel Marante Gómez contesta que lle parece perfecto que eses convenios estean firmados, el non chama panfleto a eses acordos, ao que chama panfleto é ao documento que o Sr. Salcines lles presentou para facer fronte aos gastos, só pola súa incapacidade para lograr aprobar os orzamentos municipais.

O Sr. alcalde manifesta que, vistas as diferenzas de criterio e os razoamentos expostos polos distintos grupos políticos, e tendo en conta a proposta de EU-IU, propón que este tema quede sobre a mesa, e que se resulta necesario, se faga un pleno extraordinario para poder chegar a un acordo sobre o tema.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que pensa que deixou ben claro que o PP é o primeiro interesado en que o Concello de Cambre pague puntualmente, que incluso así o recolleron no seu programa electoral, que hai que cumprir cos compromisos, pero que o primeiro compromiso que ten que cumprir o goberno é o de presentar e aprobar os orzamentos, e por outra banda, o que non se pode é traer todo este tema nun só punto, hai que ver as cousas punto por punto, e aprobalas ou non, unha por unha. Tamén di que lle gustaría oír a opinión da interventora.

Concedida a palabra á interventora municipal, dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, explica que nestes momentos estamos cun orzamento prorrogado, e que todas as partidas que se traen neste expediente son compromisos que adquiriu a corporación no pasado, son anualidades. Todos os convenios que se inclúen no expediente teñen fixada unha anualidade para o 2008, sempre supeditado a consignar o importe no orzamento. Di que se trata dun crédito extraordinario e dun suplemento de crédito sobre uns créditos iniciais que hai agora mesmo. Sinala que hai orzamento no 2008, pero que se trata dun orzamento prorrogado, e que ese orzamento prorrogado non pode atender os compromisos que adquiriu previamente o concello. Dende o punto de vista legal o expediente é correcto.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que dende un punto de vista político eles non poden aceptar que se lles diga que se vai perder un millón de euros por non aprobar isto. Pregunta

se se vai perder algún diñeiro por non aprobalo hoxe, ou se se pode aprobar outro día.

A Sra. interventora informa que hai compromisos urxentes, que poden esperar 15 días ou un mes, pero que son urxentes.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que entón, se non se vai perder o diñeiro por non chegar a un acordo hoxe, pódense falar as cousas e incluso incluír as que sexan realmente urxentes no pleno extraordinario da vindeira semana.

O Sr. alcalde, dado o resultado do debate, propón que este punto quede sobre a mesa, tal e como solicitou o grupo municipal de EU-IU, que se manteña unha reunión entre o concelleiro de Facenda, os voceiros dos grupos municipais, a interventora, e el como alcalde.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que este é un punto que viña na orde do día e que habería que sometelo a votación.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que está de acordo en que o primeiro é sentarse a negociar, e que despois xa se verá se se aproban as cousas ou non.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que a súa opinión é que hai que votar este punto, que non se debe deixar sobre a mesa, nin retirar da orde do día. Di que o que hai que facer é votar os asuntos, e que cando non se aproban as cousas haberá que facelas mellor, falar cos grupos antes de presentar este tipo de propostas, e despois volver a incluír o tema noutro pleno. O que non se pode e deixar as cousas sobre a mesa cando se sabe que non se vai lograr a súa aprobación, porque di que o que queda claro é que a proposta que se trouxo hoxe foi rexeitada, non que quedou sobre a mesa. Engade que na proposta presentada se inclúe, por exemplo, un convenio asinado coa Deputación o 13/2/2008, para o campo de herba sintética, e que iso non é o exercicio anterior.

O Sr. alcalde contesta que cando se fixo o campo de herba sintética, a Deputación asumiu o compromiso de encargarse das bancadas, e que por fin se concedeu e se puido asinar o convenio, pero que xa no orzamento do ano pasado había unha cantidade prevista para as bancadas, e que todo isto se pode comprobar vendo o orzamento do ano pasado e lendo as actas.

Sometido a votación ordinaria a decisión de deixar sobre a mesa este punto da orde do día, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros asistentes do PP e os

dous concelleiros de EU-IU, e votan en contra os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por quince votos a prol, acorda deixar sobre a mesa a proposta de aprobación do expediente de modificación de créditos n.º 2/2008, de suplemento de crédito e crédito extraordinario.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que a súa proposta de deixar este asunto sobre a mesa está motivada en que pensa que é o sentir que manifestou algún grupo neste pleno para ter deste modo a posibilidade de poder falar entre todos destes temas, o cal non implica que despois o vaian apoiar ou non.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que, sexa como sexa, o resultado disto foi que unha proposta de modificación de créditos que viña a este pleno non foi aprobada, quede sobre a mesa, o saia rexeitada, a consecuencia é exactamente a mesma, que non foi aprobada, e que haberá que establecer un proceso negociador punto por punto das propostas que aí veñen, ou doutras que poidan achegar os demais grupos.

#### **4º Mocións**

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

##### **A) Moción institucional sobre a Ría do Burgo**

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, dá lectura á moción que foi asinada polos cinco voceiros dos grupos municipais que compoñen a corporación, e que se transcribe a continuación:

“A Ría do Burgo atópase desde hai anos nun lamentable estado de contaminación por mor dos continuos verquidos de augas residuais procedentes dos diversos concellos da Comarca da Coruña. Ademais do tremendo impacto ambiental que isto implica, tamén debemos ter en conta as negativas repercusións sobre a actividade pesqueira. Trátase dunha zona de tradicional labor marisqueira, actividade da que viven moitas familias da comarca. A Coruña é a única cidade do estado español con máis de 200.000 habitantes que carece de saneamento de augas residuais. Máis de 400.000 habitantes da Área coruñesa verten as súas augas residuais directamente ao mar, na Ría do Burgo ou en Bens, sen depuración ningunha

e provocando graves consecuencias ambientais e económicas sobre a pesca o marisqueo e o turismo.

O certo é que a estas alturas xa debería estar funcionando a estación depuradora de Bens e arranxado o emisario submariño. Tratándose dunha zona densamente poboada deberíase contar cun sistema de depuración segundo as directivas da UE. Nestes intreos a situación é tan delicada que a zona está declarada, pola Consellaría de Pesca, como zona “C”, por mor da alta contaminación e degradación medioambiental que padece.

Os grupos políticos con representación no concello amosaron sempre a súa preocupación polo saneamento da Ría do Burgo e nesa liña fixeron un intenso traballo tanto no Parlamento de Galicia coma no Congreso dos Deputados.

Por mor da constante e crecente preocupación social sobre a grave deterioración da Ría constituíuse recentemente unha plataforma para a súa defensa. Ademais da confraría de pescadores da Coruña, agrupación de mariscadores de a pé e a flote, tamén están diversas entidades veciñais, colectivos, sindicatos e partidos políticos. O fin non é outro que demandar a firme actuación na aplicación da lei para os causantes directos e indirectos de verquidos á Ría, a finalización do proxecto integral de saneamento para eliminar os importantes focos de contaminación que van directamente á Ría, a posta en funcionamento da EDAR de Bens, a definición consensuada coas asociacións de marisqueo dun plano de rexeneración medioambiental de limpeza integral da Ría do Burgo para o goce e lecer cidadán, a recuperación dos bancos de marisqueo e finalmente defender a vixencia temporal e indefinida dos actuais convenios subscritos entre a Consellería de Pesca e as Agrupacións de Marisqueo mentres non se poida desenvolver con normalidade a actividade marisqueira.

Co fin de demandar das diferentes administracións públicas responsábeis as cuestións manifestadas con anterioridade a Plataforma para a defensa da Ría do Burgo convocou para o vindeiro sábado 21 de xuño ás 19:30 h. unha manifestación co lema **“recuperemos a Ría do Burgo”**.

Por todo isto os grupos municipais propoñen ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

O pleno da corporación municipal vista a grave situación medioambiental que sofre a Ría do Burgo por mor dos contínuos verquidos, apoian as reivindicacións da Plataforma e a

convocatoria da manifestación do día 21 de xuño ás 19:30 h. baixo o lema **‘recuperemos a Ría do Burgo’.**”

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo apoia totalmente esta moción, porque de feito participaron nela e corruxiron algunha cousa que lles pareceu oportuna, e que, en todo caso, o importante aquí non é a moción, senón a ría. Di que dando un paseo pola ría do Burgo se pode apreciar unha lavadora, dúas bicicletas, unha carretilla, son cousas que con independencia da contaminación si se poderían retirar dende o Concello de Cambre.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que hai que felicitarse polo esforzo de consenso realizado, e que aínda que se colleu a súa moción como base, perfectamente se podería ter collido a moción que presentou outro grupo. Non obstante, como se eliminaron algúns dos puntos que eles recollían na súa moción orixinal, gustaríalle facer referencia a eses puntos, para que quede constancia, e concretamente o recoñecemento ao labor feito a nivel do Parlamento de Galicia, así como o traballo feito polo voceiro parlamentario do BNG no Congreso dos Deputados que acadou a inclusión deste asunto nos orzamentos do ano 2007 por un total de 8 millóns de euros para saneamento da ría, e outro millón máis nos orzamentos do 2008. Tamén lle gustaría dicir que o traballo parlamentario non consiste só na negociación, senón que é tamén o da verificación de que esas propostas orzamentarias se cumpran, e precisamente nestes días o voceiro do BNG no Congreso ten presentada unha iniciativa para que se de conta de en que, como e cando se levan gastados eses 8 millóns de euros.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que apoian esta moción porque precisamente tamén eles tiñan presentado unha moción por este tema. Manifesta que o problema da ría do Burgo non só é un problema medioambiental e ecolóxico, é un problema económico para centos e centos de familias que diariamente están vivindo da súa extracción marisqueira e incluso da súa pesca. Pensa que este é un paso importante, e informa que o pasado día 19 o grupo de IU no Parlamento Europeo presentou unha iniciativa para o saneamento da ría do Burgo, con esa mesma data, o seu deputado en Madrid, Gaspar Llamazares, tamén presentou esa iniciativa.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro de GM (PG), manifesta que el tamén está de acordo totalmente con este tema, e agarda que todos os que hoxe votan a prol desta moción, estean tamén o día 21 na manifestación.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, agradece a todos o esforzo realizado para chegar a un acordo común, e sen entrar en cuestións puntuais sobre quen presenta as propostas ou quen realiza o traballo parlamentario, o que quere é felicitar a todos os grupos e agradecérllles a súa colaboración, e manifestar a disposición do seu grupo para seguir chegando a acordos institucionais que beneficien a todos.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción, tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**B) Moción do grupo municipal do PP para esixir responsabilidades pola tala das árbores protexidas do Camiño Inglés ao seu paso por Sigrás**

Rexistrada de entrada ao n.º 5736 o día 24 de maio de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Hai poucos días, os concelleiros do noso grupo vimos como se talaban os castiñeiros centenarios que acompañaban ao Camiño Inglés ao seu paso por Sigrás. Pouco antes, o noso concello, xunto con outros doce municipios polos que transcorre, uníase ao Consorcio creado para ese camiño, supostamente coa intención de protexelo e darlle maior protagonismo.

Como é costume neste municipio, as cartas de bos costumes, como o foi a de adhesión ao consorcio, quedaron en meras intencións, superadas na realidade pola forza dos feitos.

Máis grave se cabe é que o responsable desa tala sexa un coñecido promotor dos que habitualmente desenvolven proxectos urbanísticos no noso municipio. Résúltanos difícil de creer que os responsables políticos de Cambre non tiveran coñecemento de que se ían talar estes castiñeiros que teñen conformado dende hai décadas unha paisaxe de especial singularidade e beleza dentro do Camiño Inglés, mencionado en todas as crónicas dos peregrinos que algunha vez pasaron por aquí.

Descoñecemos se estas persoas dispoñían ou carecían de licenza para a tala das árbores e tampouco sabemos se a intención da tala era realizar calquera construción na zona ou se se ten solicitado ata a data algunha licenza urbanística para aquel lugar, pero parécenos peculiarmente grave que os nosos responsables municipais se limiten de novo a ser meros espectadores daqueles que destrúen o noso patrimonio natural e histórico.

Novamente debemos criticar a falta de Plan Xeral no noso concello, o que non só está a supoñer un entorpecemento no crecemento de Cambre e dos municipios limítrofes, senón que, como neste caso, está deixando en total desamparo os escasos lugares que no noso concello se poden seguir cualificando como contornos naturais singulares.

Ante estes feitos, os concelleiros do partido popular propoñemos ao pleno de Cambre para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Encargar aos técnicos municipais que realicen un informe que acredite se a tala das árbores se axustou á legalidade vixente, informe que deberá ser realizado e remitido aos grupos da oposición para o seu estudo antes do vindeiro día 15 de xuño.

Segundo: En caso de que a tala non se teña axustado á legalidade, encargar que os servizos xurídicos do Concello de Cambre presenten unha denuncia ante o xulgado de garda da Coruña para que investiguen a posible comisión dalgún delito medioambiental ou urbanístico.

Terceiro: Requirir ao equipo redactor do Plan Xeral de Cambre que inclúa entre as zonas de especial protección o contorno do Camiño Inglés, cunha banda de protección a ambos lados, clasificando esas zonas como solo rústico de patrimonio cultural.

Cuarto: Requirir ao equipo de goberno para que realice todas as actuacións que se encontren á súa disposición para repoblar ou esixir a repoboación das zonas con castiñeiros autóctonos.”

Ante a pregunta do voceiro do BNG, o Sr. alcalde explica que os puntos terceiro e cuarto variaron un pouco respecto da moción presentada polo PP no rexistro municipal, para adaptala ás indicacións efectuadas polo xefe da área de Urbanismo.



Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, solicita dar lectura a moción presentada polo seu grupo por ter o mesmo obxecto que a presentada polo PP, e poder así facer un único debate.

A solicitude é aceptada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión.

### **Moción do grupo municipal do BNG sobre as talas de árbores en Cambre**

Rexistrada de entrada ao n.º 5735 o día 24 de maio de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“A voracidade destrutora do patrimonio medioambiental de Cambre está a acadar límites irreversíbeis. Nos últimos dous meses acumulamos varios casos graves e así seguirá se desde este Pleno non lle poñemos remedio.

Precisamente cando de maneira rimbombante e fachendosa se anuncian campañas de concienciación de medio ambiente ou se proclaman celebracións de efemérides como o a do día da árbore, vemos que o que se practica é todo o contrario. Din querer que os nosos nenos planten árbores e, mentres, permiten talar as máis valiosas

A actuación desaprensiva de propietarios e empresas estanos deixando sen os mellores espazos naturais, sen os máis antigos e singulares elementos arbóreos que definían e caracterizaban ao noso Concello. Pero non nos podemos centrar nesa causa para explicar a situación. Para que este fenómeno siga e siga a se producir, precisa dunha circunstancia máis: da impunidade. Porque aquí nunca pasa nada, por que aquí as autoridades locais, as que son competentes e deben velar pola defensa do patrimonio común, se inhiben, miran para outro lado, deixan facer. “*Total son unhas árbores*”. Iso é o grave, nin un só expediente de disciplina en curso, nin unha soa sanción, nin unha soa denuncia xudicial contra os reincidentes. Como moito laiarse cara fóra e descargar as culpas noutras administracións. A culpa é sempre dos demais e non se fai nada, esquecendo que o goberno local e o seu Alcalde son responsábeis de facer cumprir a lei e de poñer todos os medios para preservar o patrimonio. E non se pode escudar o goberno en que non hai leis e normas, ou en que non hai medios. Hai os suficientes se hai vontade de gobernar, de exercer a responsabilidade.

Esta actitude de apatía e consentidora motivan que o GM do BNG presente esta iniciativa, esta moción ao Pleno. Non é a nosa pretensión quedarnos na denuncia retórica ou política, non queremos nos escudar na ineficacia doutros, pretendemos que este órgano, máxima expresión da vontade popular, tome decisións.

Decisións que teñen que conseguir que pare este andazo de destrución, que se respecte o patrimonio de todos e que se recuperen os valores destruídos.

Ás talas ilegais denunciadas polo BNG nos últimos tempos en Sigrás coa desaparición dunha carballeira de 15 hectáreas pegada a ruta de sendeirismo, en Cambre ou en Cecebre, xunto ao Encoro, hai que lles sumar a consumada os días 19 e 20 deste mes en Sobrecarreira no, camiño do Faro.

Para máis vergoña, hai un mes que nos adherimos ao Consorcio do Camiño Inglés. O mesmo día das denuncias, a prensa recolle que esta entidade promovera o camiño mediante rutas. Será para que os amantes dos camiños comprobemos as desfeitas de Cambre? É esta a nosa contribución á posta en valor do patrimonio dos camiños de Santiago?

En base ao exposto, propoñemos ao Pleno do Concello de Cambre que adopte os seguintes acordos

Primeiro: O pleno do Concello de Cambre decide que, por parte do órgano competente, se dean instrucións aos servizos municipais (administrativos, de disciplina urbanística e de vixilancia) a retomar todos os expedientes ou informes abertos. Que se culminen e se apliquen as sancións recollidas nas ordenanzas e normas vixentes.

Segundo: O pleno do Concello de Cambre decide que, por parte do órgano competente se dean instrucións aos servizos de vixilancia urbanística e da policía local para que se paralice inmediatamente toda actividade forestal que non conte con todos os permisos e licencias a pé de obra. E que ademais efectúe seguimento constante para que non se renoven as actividades.

Terceiro: O pleno do Concello de Cambre insta ao Goberno municipal a que se proceda a denunciar aos infractores perante as instancias xudiciais naqueles casos de desobediencia ás ordes de paralización.

Cuarto: O pleno do Concello de Cambre insta a que se instrúan expedientes de reposición da legalidade e , se garanta e obrigue á repoboación forestal nos lugares obxecto de talas ilegais.

Quinto: O pleno do Concello de Cambre insta ao Alcalde a ditar un Bando que recollerá no seu encabezamento: *“o pleno do concello de Cambre diante da proliferación de talas forestais ilegais que están a deteriorar os valores medioambientais , patrimoniais e paisaxísticos do Concello INFORMA que serán paralizadas inmediatamente todas as actividades forestais que non contén con todos os permisos, incluída a licenza municipal. Serán, ademais instruídos expedientes sancionadores...”*. Este bando terá unha difusión masiva por todo Cambre, establecementos comerciais e hostaleiros, locais sociais, etc. Daráselle ademais publicidade nos sistemas de información municipal, nos soportes electrónicos e mediante información periodística.

Sexto: O pleno do Concello de Cambre decide dar un prazo de dous meses ao Goberno Municipal para que presente na Comisión Informativa correspondente unha ordenanza regulador das actividades forestais no municipio que contemplará, entre outras, as tramitacións esixíbeis e licencias, os avais para reposición de danos a bens privados e públicos, as taxas por actividade e o réxime sancionador.

Sétimo: O pleno do Concello de Cambre decide que se comece de maneira inmediata a catalogar todos os espazos de interese de carácter forestal. Tanto desde o punto de vista dos valores biolóxicos e medioambientais, como patrimoniais e paisaxísticos. Incluirá a cualificación e catalogación de árbores singulares. Todo independentemente da cualificación urbanística do solo onde estean situados.

Oitavo: O pleno do concello de Cambre, competente na cualificación urbanística do territorio municipal, decide que se comunique ao equipo redactor do Plan Xeral de Cambre, mediante certificación, que proceda a elevar as cualificacións de todas aquelas fincas onde se produciron talas ilegais. A que en ningún caso se pasen solos urbanizábeis ou urbanos e, que se aumenten as proteccións no que a lexislación permita. Especiais proteccións forestais, de augas, de espazos naturais, de paisaxe, etc.”

O Sr. alcalde manifesta que están de acordo no tema das propostas presentadas, pero que non están de acordo coa exposición de motivos. Di que non están de acordo con que a exposición de motivos do PP diga que lles parece difícil de creer que os responsables políticos de Cambre non tiveran coñecemento de que se ían talar os castiñeiros, porque eles non o sabían. Tampouco están de acordo coa exposición de motivos do BNG, porque parece que lles están culpando de todo, cando dende o concello, dentro das súas posibilidades, se fixo e se está facendo un seguimento. Explica que non sempre toda a culpa é do goberno, senón que neste

caso a culpa é do desalmado que fixo a tala, e que o que teñen é que buscar os medios para que xudicialmente se lles poida sancionar.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, di que pensa que a intención política dos grupos que presentan as mocións quedou clara publicamente, e que quedou recollida en acta, e que agora o importante é que dende o goberno fan o compromiso de asumir as propostas dos diferentes grupos, e que nese sentido propón que a moción que se aprobe se limite a recoller a parte dispositiva de ambas mocións, e que nese caso o seu grupo votaría a prol.

O Sr. alcalde di que o que non pode asegurar é que o prazo de dous meses para facer a ordenanza sexa posible. Dará orde de que se faga o máis urxentemente posible, pero que o prazo de dous meses, despois de ter falado cos técnicos, non o pode prometer.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, reconece que os responsables políticos do concello non teñen culpa de todo o que sucede no concello, pero piden máis vixilancia, sobre todo cando se trata dun patrimonio único que tiñan en Cambre, o treito do camiño que estaba mellor conservado, e que senten moito que non tiveran dilixencia nese aspecto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que con esta moción non pretendían quedarse nunha mera denuncia política ou retórica, e como queren que neste pleno se tomen decisións, están dispostos a retirar toda a parte expositiva, porque o que queren é que se faga todo o posible para que isto non volva suceder, e pon como exemplo unha tala en Piñeiro (Cecebre), que ten orde de paralización e que saben que, aínda así, mañá van a acabar con todo o que queda. A explotación forestal dos terreos hai que facela de acordo coas leis, porque hai valores que non son só dos individuos, senón que son de interese xeral.

Segue dicindo que, polo tanto, retiran a parte expositiva da súa moción e quedan coa parte expositiva, pero que o que si piden é que, se non son dous meses, que se lles concrete o prazo, que non digan que vai ser coa máxima urxencia, senón que o concreten.

O Sr. alcalde di que non pode dicir unha data porque pola mañá reuniuse cos técnicos e poden facelo, pero non quixeron concretar unha data.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo expón, para finalizar, que están francamente molestos, ao igual que moitos veciños, porque a policía levantou un parte o luns día 19 do que estaban facendo en Sigrás e Sobrecarreira, e a tala cando se consumou foi ao día seguinte, e incluso

había algúns concelleiros do grupo de goberno moi próximos, que tamén o puideron ver, e a pesar disto, non se fixo absolutamente nada, e aquelas árbores que había tardarán outros 100 anos en poder volver a estar alí.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, felicita aos grupos por esta moción que está en consonancia cun rogo que presentou o seu grupo no mes de novembro, onde se solicitaba que se ditasen normas que impediran a tala da masa arbórea de Cambre.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), tamén amosa o seu acordo coas mocións presentadas.

O Sr. alcalde pregunta á voceira do PP, se están de acordo en retirar a parte expositiva para aprobar todos a moción, e dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel contesta que si.

Sometidas a votación ordinaria as partes dispositivas das mocións presentadas, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Encargar aos técnicos municipais que realicen un informe que acredite se a tala das árbores se axustou á legalidade vixente, informe que deberá ser realizado e remitido aos grupos da oposición para o seu estudo antes do vindeiro día 15 de xuño.

Segundo: En caso de que a tala non se teña axustado á legalidade, encargar que os servizos xurídicos do Concello de Cambre presenten unha denuncia ante o xulgado de garda da Coruña para que investiguen a posible comisión dalgún delito medioambiental ou urbanístico.

Terceiro: Requerir ao equipo redactor do Plan Xeral de Cambre que inclúa entre as zonas de especial protección o contorno do Camiño Inglés, cunha banda de protección a ambos lados, clasificando esas zonas como solo rústico de patrimonio cultural.

Cuarto: Requerir ao equipo de goberno para que realice todas as actuacións que se encontren á súa disposición para repoblar ou esixir a repoboación das zonas con castiñeiros autóctonos.

Quinto: O pleno do Concello de Cambre decide que, por parte do órgano competente, se dean instrucións aos servizos municipais (administrativos, de disciplina urbanística e de vixilancia) a retomar todos os expedientes ou informes abertos. Que se culminen e se apliquen as sancións recollidas nas ordenanzas e normas vixentes.

Sexto: O pleno do Concello de Cambre decide que, por parte do órgano competente se dean instrucións aos servizos de vixilancia urbanística e da policía local para que se paralice inmediatamente toda actividade forestal que non conte con todos os permisos e licencias a pé de obra. E que ademais efectúe seguimento constante para que non se renoven as actividades.

Sétimo: O pleno do Concello de Cambre insta ao Goberno municipal a que se proceda a denunciar aos infractores perante as instancias xudiciais naqueles casos de desobediencia ás ordes de paralización.

Oitavo: O pleno do Concello de Cambre insta a que se instrúan expedientes de reposición da legalidade e , se garanta e obrigue á repoboación forestal nos lugares obxecto de talas ilegais.

Noveno: O pleno do Concello de Cambre insta ao Alcalde a ditar un Bando que recollerá no seu encabezamento: *“o pleno do concello de Cambre diante da proliferación de talas forestais ilegais que están a deteriorar os valores medioambientais , patrimoniais e paisaxísticos do Concello INFORMA que serán paralizadas inmediatamente todas as actividades forestais que non contén con todos os permisos, incluída a licenza municipal. Serán, ademais instruídos expedientes sancionadores...”*. Este bando terá unha difusión masiva por todo Cambre, establecementos comerciais e hostaleiros, locais sociais, etc. Daráselle ademais publicidade nos sistemas de información municipal, nos soportes electrónicos e mediante información periodística.

Décimo: O pleno do Concello de Cambre decide que no menor tempo posible se presente na Comisión Informativa correspondente unha ordenanza reguladora das actividades forestais no municipio que contemplará, entre outras, as tramitacións esixíbeis e licencias, os avais para reposición de danos a bens privados e públicos, as taxas por actividade e o réxime sancionador.

Undécimo: O pleno do Concello de Cambre decide que se comece de maneira inmediata a catalogar todos os espazos de interese de carácter forestal. Tanto desde o punto de vista dos

valores biolóxicos e medioambientais, como patrimoniais e paisaxísticos. Incluirá a cualificación e catalogación de árbores singulares. Todo independentemente da cualificación urbanística do solo onde estean situados.

Duodécimo: O pleno do concello de Cambre, competente na cualificación urbanística do territorio municipal, decide que se comunique ao equipo redactor do Plan Xeral de Cambre, mediante certificación, que proceda a elevar as cualificacións de todas aquelas fincas onde se produciron talas ilegais. A que en ningún caso se pasen solos urbanizábeis ou urbanos e, que se aumenten as proteccións no que a lexislación permita. Especiais proteccións forestais, de augas, de espazos naturais, de paisaxe, etc.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**C) Moción do grupo municipal do BNG sobre as obras ilegais e ocupación de dominio público do río Mero**

Rexistrada de entrada ao n.º 5735 o día 24 de maio de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“A obra de rexeneración e recuperación realizada no río Mero conseguiu para o patrimonio publico miles de metros de terreo. Ao pouco de rematar as obras algúns particulares comezaron a “recuperar” terreos expropiados ou a facer obras dentro do espazo de protección de augas sen ningún tipo de permiso ou licenza.

En moitas ocasións o BNG ten denunciado esta situación e a resposta do Alcalde sempre foi que xa se remitiron os expedientes a Augas de Galiza. O tempo pasa e, dada a impunidade, cada vez son máis os que se atreven.

Poñer en coñecemento doutras administracións estas infraccións está ben, é necesario pero non é suficiente. Porque encubre a inhibición do Goberno Municipal en algo no que é competente, na actividade urbanística no Concello, sexa esta en calquera solo, dominio ou propiedade.

Unha vez máis se permite a infracción mirando par outro lado e se descarga a propia responsabilidade noutras administracións, que tamén a teñen, pero a legalidade urbanística é municipal exclusivamente.

Por estes motivos o GM de BNG presenta para a súa consideración e o seu debate en Pleno, esta moción que pretende que dunha vez por todas o Concello, o Goberno Municipal e a seu Alcalde, cumpra coa súa responsabilidade e actúe.

Neste sentido propoñemos ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

Primeiro: Que se rematen de instruír todos os expedientes de disciplina urbanística iniciados por obras ilegais nas ribeiras do Mero e por ocupacións de terreo público.

Segundo: Que ademais de trasladar as denuncias a outros organismos sectoriais, se proceda á paralización inmediata dos actos ilegais, que se proceda a tramitar a reposición da legalidade e os expedientes sancionadores correspondentes.”

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que están de acordo coa moción, simplemente porque dando un paseo polo río Mero se poden ver as condicións en que se atopa.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción, tal e como foi transcrita.

## **5º Informes da Alcaldía**

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 4815 o día 30 de abril de 2008, presentado por dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, en representación do PP, no que se relacionan os concelleiros do PP que quedan adscritos a cada unha das comisións informativas do concello, así como á mesa de contratación:

Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica:



- . Titular: Felipe Andreu Barallobre
- . Suplente: Nicolás José Cubeiro Martínez

Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos:

- . Titular: Nicolás José Cubeiro Martínez
- . Suplente: Santiago Manuel Ríos Rama

Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá:

- . Titular: Goretti Pérez Eléxpuru
- . Suplente: M<sup>a</sup> Jesús González Roel

Comisión Informativa Especial para o AVE:

- . Titular: M<sup>a</sup> Jesús González Roel
- . Suplente: Santiago Manuel Ríos Rama

Comisión Informativa Especial para o Plan Xeral de Ordenación Municipal e da Vía Ártabra:

- . Titular: Nicolás José Cubeiro Martínez
- . Suplente: M<sup>a</sup> Jesús González Roel

Comisión Informativa Especial de Participación Cidadá, Comunicación e Información:

- . Titular: M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas
- . Suplente: Santiago Manuel Ríos Rama

Comisión Especial de Contas:

- . Titular: Felipe Andreu Barallobre
- . Suplente: M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas

Mesa de contratación:

. Titular: Santiago Manuel Ríos Rama  
. Suplente: Nicolás José Cubeiro Martínez

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 5028 o día 7 de maio de 2008, remitido polo Valedor do Pobo, onde informa que non é competencia desa institución realizar investigacións sobre condutas ou actuacións que están suxeitas a coñecemento das autoridades xudiciais, e que, polo tanto, en aplicación do disposto no artigo 20 da Lei do Valedor do Pobo, non pode entrar no fondo do asunto. Así mesmo, dise nese escrito que quedan á marxe das competencias do Valedor do Pobo todo o relativo ás actuacións da Administración de Xustiza nos asuntos da súa competencia que son resoltos polos tribunais e xulgados con independencia e exclusividade, e as desconformidades que poidan existir coas ditas resolucións só poden ser impugnadas mediante o exercicio dos recursos legalmente pertinentes ou accións legalmente viables, pero sempre dentro da órbita xudicial.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 5029 o 7 de maio de 2008, procedente da Fiscalía Provincial da Coruña, no que se comunica que a documentación enviada polo concello sobre selección de cinco prazas interinas de auxiliares administrativos, se remite ao Xulgado Decano da Coruña para o seu reparto a quen corresponda, co fin de incoar dilixencias previas para a súa correcta instrución.

## **6º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 5737 o día 24 de maio de 2008.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que retiran o primeiro rogo presentado para este pleno porque coincidía cunha petición que tiñan presentado por rexistro, e que xa lles foi contestada.

2º Rogamos ao equipo de goberno nos informe do estado no que se atopa o contrato coa empresa redactora do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cambre, en especial, se cumpre con todos os requisitos necesarios para continuar vixente.

O Sr. alcalde contesta que o contrato está vixente, pero que se pediu aos técnicos que fixesen un novo informe, porque o que tiñan era xa do ano 2004.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que non entende a situación porque no 2004 o contrato non estaba en vigor, e agora, sendo os técnicos os mesmos, a empresa a mesma, sen ter cambiado nada, nin pagado nada, pregunta como é que cambiou a situación.

O Sr. alcalde di que o contrato sempre estivo en vigor.

Don Nicolás José Cubeiro responde que os informes dos técnicos eran en contrario. Di que hai meses se solicitou no pleno unha subvención para varias cousas, entre as que estaba o desenvolvemento do Plan Xeral, e que nesa sesión plenaria coincidiron varios grupos en preguntar o mesmo. O Sr. alcalde contestoulles que non tiña nada que ver, que pedir unha subvención era unha cousa, e que o contrato da empresa era outra. Di que el segue sen enténdelo.

O Sr. alcalde responde que teñen un contrato que sempre estivo en vigor. Hai un informe dos técnicos do 2004 que dicía non a unha serie de peticións que facía o equipo redactor. Di que eles fixeron unha solicitude para o Plan Xeral, e que agora o xefe da área de Urbanismo, Emilio Martínez, está preparando un informe, e que haberá que reunirse.

Continúa dicindo que o que os equipos xurídicos dicían antes nos informes era que o equipo redactor non podería recibir máis diñeiro, que tiña que cumprir o contrato tal e como estaba. Agora, como a Consellería lles remitiu documentación, falarán a próxima semana co resto dos grupos, e tomarase a medida que corresponda.

Don Nicolás José Cubeiro pregunta se os técnicos que antes dicían que a empresa non podía cobrar máis seguen a dicir o mesmo, ou se pensa que agora si pode cobrar.

O Sr. alcalde responde que non, que por que vai cobrar máis a empresa. Que hai que velo, que se ten un informe do ano 2004 e que agora vaise facer outro informe para valorar o que fixo a empresa, ver que lles mandan da Xunta, que lles din, e despois falalo todo cos grupos da oposición, e que será entón cando se tome a postura máis idónea.

O Sr. Cubeiro di que, a día de hoxe, a empresa que está contratada para a redacción do Plan Xeral, está nunha situación irregular, na que non saben se van cobrar máis, ou se van cobrar o que xa fixeron. Pregunta de que data é o contrato.

O Sr. alcalde repítelle que o contrato coa empresa está en vigor, e que é un contrato de 1998.

3º Un gran número de usuarios da galescola manifestounos a súa preocupación pola previsible redución do seu horario de apertura nos meses de verán. Rogamos ao equipo de goberno nos informe con detalle sobre este problema e, no seu caso, que esixa á autoridade competente que se manteña o horario habitual para evitar os prexuízos que un horario reducido lle provocaría aos pais.

Dona Carmen Tato Lago pregúntalle á concelleira do PP que número de usuarios, exactamente, manifestaron a súa preocupación.

Dona Mª Jesús Vieites Mariñas, concelleira do PP, di que houbo en concreto dúas persoas que se puxeron en contacto con ela. Di que se supón que ao inicio do curso escolar se determina o horario, especificando o de verán e o de inverno, e que os pais non tiñan notificación diso, senón que se lles dixo que o horario da galescola ía ser todo o ano igual, e que agora se atopan con que se vai pechar ás 17:30 horas, e que ademais, se lles solicita aos pais un informe do horario de cada un deles.

Dona Carmen Tato Lago contesta que todos os pais que teñen os nenos na galescola teñen no seu poder o Regulamento de réxime interior das escolas infantís integradas dentro da rede galega de escolas infantís e galescolas, xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que de conformidade co previsto no seu artigo 22.2 dispón que cada galescola poderá ter horario reducido nos meses de xullo e agosto, o que se establece unha vez consensuado cos pais, nais ou tutores legais.

Segue dicindo que a dirección da galescola, xunto co Consorcio, púxose en contacto cos pais de todos os nenos que asisten á galescola de Cambre, e ningún deles manifestou ningún tipo de impedimento en ir a recoller aos seus fillos ás 17:30 horas. Só existe un caso que demostrou a súa imposibilidade de recoller ao seu fillo, por motivos laborais, ás 17:30 no mes de xullo, en agosto non tería problema. Ante ese caso a Vicepresidencia buscou outra alternativa, que foi a de poñer un canguro. Dende os Servizos Sociais de Cambre xa se tiña solicitado que, en caso de que o número de nenos aos que non se puidese recoller fose grande, a galescola permanecese aberta no seu horario habitual. Di que esta petición consta

na acta da sesión do Consello de Participación da que ela é membro, pero que dado que só existen problemas cun neno, parécelle que manter abertas as instalacións da galescola por un só caso, sería un dispendio de diñeiro, e que a opción que dá o Consorcio, que é poñer un canguro durante esas 3 horas para ese neno, é unha opción moi boa.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 5721 o día 23 de maio de 2008, xunto coas preguntas.

1º En resposta a unha pregunta do noso grupo relativa á instalación de paneis publicitarios, o Sr. alcalde manifestaba que non se estaban cobrando as licenzas a pesares de estar contemplado na ordenanza.

O grupo municipal de EU-IU prega o goberno nos informe con exactitude do seguinte:

- Cantos paneis publicitarios están instaladas sen licenza, en terreos públicos e privados no termo municipal.
- Canto diñeiro deixaron de ingresar as arcas municipais, pola decisión de non cobrar as taxas correspondentes á Ordenanza fiscal reguladora n.º 13.
- Se nos facilite o informe, ao que fixo referencia o alcalde para fixar as taxas.
- Que se proceda coa máxima urxencia a regular a situación de ilegalidade na que se está incorrendo neste tema.
- Que mentres non se regule a dita situación, non se permita colocar ningún tipo de publicidade nos paneis que non teñan licenza, e se incoe o correspondente expediente informativo sobre o problema.

O Sr. alcalde contesta que aquí houbo un pequeno erro, xa que si que se están cobrando as taxas polas licenzas que dá o concello, que existe un canón de 15 euros por metro cadrado.

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, engade que este é un tema que xurdiu xa noutro pleno e que quizais houbo un malentendido. Di que existen dous tipos de paneis, os que están en solo público e os que están en solo privado. Os que están en solo público adoitan ser teas ou anuncios suxeitos sobre unhas estadas, trátase de estadas que se poñen nas obras e sobre as cales alguén coloca a publicidade. Despois están os paneis que se ven cando se vai en coche pola estrada. Se ese panel está en solo privado non se pode cobrar ningunha taxa porque non existe base legal. Se o panel está sobre solo público entón si que se cobra.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, responde que a el se lle contestou no pleno que os paneis publicitarios non tiñan ningún tipo de licenza e que, por conseguinte, non se cobraba ningún tipo de taxa. El estábase referindo a paneis publicitarios que están en terreo público, que existen moitos en Cambre.

O Sr. alcalde di que se ese foi o caso que lle pide desculpas, porque si que existe unha taxa aplicable a eses casos.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que el solicitou unha relación dos paneis publicitarios que están en terreo público e privado, pero que de todos os xeitos, as que están en terreo privado tamén teñen que contar con licenza do concello, xa que trátase de paneis de gran tamaño. Solicita de novo que se lle entregue unha relación deses paneis, públicos e privados.

O Sr. alcalde volve insistir en que os paneis con licenza pagan unha taxa de 15 €/m<sup>2</sup>, e comunica que se lle solicitou a Policía que fixese unha relación dos paneis existentes, así como da situación en que se atopan, con ou sen licenza.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, precisa que a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, cita expresamente que son actividades sometidas a licenza os paneis publicitarios que son visibles dende a rede viaria, tanto estean en terreos públicos como privados. Por tanto, se están sometidas a licenza, entende que tamén se lles pode cobrar.

2º Na estrada da Estación aos Campóns, nas inmediacións do IES David Buxán, diariamente numerosas persoas, sobre todo mozos/as que acuden ao centro de ensino sen contar cun lugar debidamente sinalizado para a seguridade.

Pregamos se realicen os trámites necesarios para instalar un paso de peóns, e a sinalización correspondente para dotar ao lugar de sinais de precaución e dos elementos tecnicamente necesarios para minorar o risco de perigo.

O Sr. alcalde contesta que se van iniciar as obras que van dende o instituto dende o río, e que no orzamento vai tamén unha beirarrúa na estrada que vai dende a estrada que vai cara aos Campóns e a que ven de Almeiras para arriba. Di que o problema que se ten é facer a beirarrúa, porque facer un paso de peóns a unha zona onde non haxa beirarrúa é perigoso. Falouse co enxeñeiro municipal para facer a beirarrúa.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que eles solicitan o paso de peóns e tamén que se cumpra con outra das iniciativas que xa se presentou noutro pleno, e que se refire á sinalización vertical, porque en toda a zona dos Campóns non hai un sinal que avise de que alí hai un centro escolar.

3º Transcorrido máis dun ano do comezo das obras das sendas peonís na parroquia de Pravio, e o conseguinte abandono, engano e chapuza na súa execución.

Pregamos se nos informe para cando está previsto o comezo das obras e dar cumprimento ás demandas veciñais para o seu remate, reiteradas recentemente ao Sr. alcalde e á concelleira de Servizos, por representantes da Asociación de veciños de Pravio.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que o 14 de maio chegou a autorización da Xunta, e que a partir dese momento comezou o proceso de contratación e posterior adxudicación, para unha obra á que se lle calcula un prazo de execución de tres meses.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se entón é necesario un novo proceso de contratación para rematar unhas beirarrúas que se comezaron hai máis dun ano.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín di que si, unha vez chegou o permiso da Xunta.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que é incomprendible que se comece unha obra e que non se remate, e que os veciños de Pravio estean durante máis dun ano sufrindo as calamidades que están a sufrir, tanto os peóns como os propietarios que cederon terreos.

### **Rogos do GM (PG) presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 5795 o día 26 de maio de 2008.

Antes de comezar cos rogos, don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), solicita do equipo de goberno que, igual que lle dixeron a el que tiña que ler as actas dos plenos, eles tamén deberían de facelo, xa que segundo consta na páxina 20 do pasado pleno ordinario do mes de abril: *“Antes de dar lectura os rogos do seu grupo, don Manuel Marante Gómez solicítalle á Sra. Concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos que lle conteste ás cuestións que lle ten pendentes dende hai uns meses.*

*Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín dille que mañá mesmo recibirá contestación.*”. Di que aínda está esperando hoxe.

Continúa dicindo que, nese mesmo pleno, o Sr. alcalde lle dixo, en relación cun terreo de Sta. M<sup>a</sup> de Vigo que: *“O Sr. alcalde di que as cousas tampouco son así. Que a raíz do escrito se enviou ao encargado de obras, fixo un informe, e non sabe se o Sr. Marante xa recibiu ou se estará a punto de recibir a carta. O que el sabe é que o que se fixo foi mellorar un pouco e plantar herba.”* Explica que aínda está esperando pola carta.

A continuación, dá lectura aos rogos presentados:

1º Rogo se informe cal é o motivo polo que se atopan valadas as zonas verdes da urbanización Lumiera na parroquia do Temple.

O Sr. alcalde contesta que foi consecuencia dos informes técnicos do enxeñeiro de camiños municipal, don Óscar Souto Muíño, e o enxeñeiro técnico municipal, don Luis Medín Blanco, xa que se detectaron algúns problemas nas obras de urbanización. Que se mandou facer un proxecto reformado das obras que se ían facer, e que segundo lle informou esta mañá o enxeñeiro municipal, parece ser que xa se chegou a un acordo coa empresa, e que probablemente nun prazo de dez ou doce días estarán terminadas.

Respecto do segundo rogo, relativo á entrega dos locais para os grupos políticos, don Manuel Marante Gómez di que lle deron a chave cando viña para o pleno, así que supón que xa se poderá ir para eles.

3º Rogo se informe en que estado de execución se atopan as obras previstas no POS 2007.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que se trata de obras na zona de Piñeiro, San Lourenzo e Anceis, e que o director de obra está elaborando un informe porque se detectaron algunhas deficiencias.

Don Manuel Marante Gómez pregunta se se sabe cando van seguir.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que hai que esperar aos informes dos técnicos.



### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 5738 o día 24 de maio de 2008.

1ª O prego de cláusulas administrativas do contrato para a formación do inventario municipal prevé a creación dunha comisión de seguimento. Ten previsto o equipo de goberno contar coa oposición para a súa formación?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que a comisión de seguimento que se prevé no prego de cláusulas administrativas aprobado ten un carácter técnico, e pensan que así debe seguir sendo, pero que iso non é impedimento para que a través da comisión informativa correspondente, ou nunha comisión informativa especial que o pleno poida estimar necesaria, se lle dea información e participación a todos os grupos da oposición.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta cando se empezou con isto.

A secretaria da corporación informa que está aberto o prazo de presentación de proposicións, e que estará aberto ata o día 4 deste mes.

2ª Decenas de veciños das parroquias de Sigrás, Pravio, Cecebre, Peirao, Bribes, Brexo-Lema e A Barcala manifestáronnos a súa preocupación debido a que a rede de sumidoiros se instalou ou se está instalando a escasa profundidade, polo que lles resulta imposible conectarse a ela se non é instalando un mecanismo de bombeo particular, co gasto a maiores que isto lles suporía. Noutras ocasións o despropósito é maior, xa que son casas ou negocios que se quedan illados da rede de saneamento, xa que non se preveu que a instalación chegara ata as súas casas.

Cal é o motivo de que estes veciños, que pagan os seus impostos como calquera outro, non poidan ter acceso a un servizo público fundamental?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que todas estas obras de Deputación se axustan aos proxectos, e que a profundidade que teñen que ter é dun metro e medio a dous metros. Di que hai algunhas casas que teñen baños nos garaxes e que non se poden coñecer. Tamén informa que se está a estudar a zona de Bribes.

Dona Mª Jesús González Roel di que non en todos os casos é unha cuestión de profundidade, senón que hai casos en que non se contou con casas que xa levan construídas máis de 40

anos, e pregunta se ese proxecto para facer a rede de sumidoiros se fai dende o concello ou dende outro sitio, e porque se deixan casas sen conexión.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que non é que se deixen zonas sen rede de sumidoiros, que se pasa por núcleo rural, urbano, pero non por solo rústico. Di que nos proxectos sempre se teñen en conta as casas, pero que nalgunha delas non dá a cota, e que ese é o problema que teñen en moitas zonas.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel pregunta se cando o problema non é a cota, se neses casos se fai a instalación e non a teñen que pagar os interesados, porque di que hai grupos de casas que quedaron fóra simplemente por non facer uns metros máis.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín di que eses proxectos son da Deputación, e que o concello ten a posibilidade de facer despois uns proxectos para facer os ramais.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel pon como exemplo un edificio da Barcala, que ten cinco pisos, e que quedou sen a rede porque non levaba a profundidade que tiña que levar, e lles obriga a poñer unha estación de bombeo, cun custo que a maioría da xente non pode facer fronte.

O Sr. alcalde responde que o edificio que está xunto á Casa Brañas si pode conectarse dende o baixo, pero que ten a fosa detrás do soto. Di que o soto era fosa séptica, pero que dende a estrada pode conectar e que, a través do proxecto que fixo Molduras, pola parte de abaixo, poden enganchar todas as casas que van cara ao Temple, á marxe dereita.

Segue dicindo que se tiña falado con eles para facer paralelamente ás casas, pasando polos seus terreos, para logo ir a conectar co tubo que pasa por abaixo.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel di que os veciños non teñen coñecemento disto porque lles dixeron que presentaron no concello un escrito e que aínda non lles contestaron.

O Sr. alcalde di que estiveron con el no concello falando do tema, e que estiveron cando a obra, e que incluso algúns tiñan quedado de falar coa empresa para ver que orzamento lles daba.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel di que, en todo caso, falou dese edificio pero que hai moitos casos máis, e que cando se fai un proxecto debería facerse ben, tendo en conta as casas que

levan anos aí, e que son moi poucos os casos nos que hai problemas reais que impidan a instalación.

3ª Nas últimas datas a prensa publicou que o Concello de Oleiros prevé na súa proposta de PXOM que se constrúan varias obras sobre terreos do noso concello. Tivo o equipo de goberno algunha comunicación ao respecto? Tense pensado esixir explicacións aos responsables do municipio veciño?

O Sr. alcalde responde que el non sabe a que obras se refire, pero que se fala do vial que sae onde está Portofaro, ese é un vial que vai ser moi benvido. É un vial que xa ven de hai moitos anos, é un vial que se chamaba “Vial 11” da rede viaria comarcal, aprobado xa hai anos, e que unía a estrada de Cambre, fronte ao colexio, cunha rotonda, ía onde está a peaxe, ía pola parte de atrás das naves, e ía saír onde está o campo de tenis. Esa é unha obra que sería unha grande obra para os veciños do Temple porque desconxestionaría ao 90% a rúa Tapia. Trátase dunha obra que non é do concello, senón que a inclúe a Comunidade Autónoma.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta se o concello tivo algunha comunicación oficial da obra, ou se só sabe dela pola prensa.

O Sr. alcalde responde que non tiveron comunicación oficial, pero que saben do tema porque hai oito anos que existe o plan viario, e que esa obra está marcada, e repite que oxalá se faga.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta tamén se o Sr. alcalde sabe algo da ponte sobre a ría da que se fala na prensa. O Sr. alcalde contéstalle que isa foi unha obra da que, no seu día, falou o Concello de Culleredo, e que sairía fronte o Haley.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 5758 o día 26 de maio de 2008.

1ª Pódenos contestar o alcalde exactamente en que punto están os trámites para este centro polifuncional que, a saber, contaría con centro de día para maiores, novo centro de saúde e galescola, todo aproveitando o subsolo para un aparcadoiro soterrado?

O Sr. alcalde contesta que o arquitecto, a través dalgunha empresa, está estudando a viabilidade que existe para aproveitar o subsolo para facer un aparcadoiro público, e enriba

construír os edificios aos que fai mención esta pregunta. O que ocorre é que na última reunión que tiveron co Sergas, hai catro días, este comunicou que prefire que se lle ceda a parcela, non un local. O vindeiro xoves está prevista unha reunión con membros da Xunta para estudar o tema do centro de día.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que esa idea de facer todas esas cousas nesa parcela parécelle moi ben, que incluso figuraba dentro do seu programa electoral, pero que pasado o periodo electoral pensan que está pasando o que pasa sempre, que se fan unhas afirmacións públicas para que saian en titulares, en vez de dicir que se está a estudar o tema. Di que deste tema xa se falou no pasado pleno, e que nel quedou clara a súa postura, que se corre o risco de que por querer apretar demasiado as cousas, despois vanse atopar con que nin o Sergas quere aparcamentos debaixo dos hospitais, porque cre que así ten unha norma que xa o di, nin Vicepresidencia queira debaixo dun centro escolar infantil un aparcadoiro subterráneo, e que ao final van quedar sen unha cousa nin a outra.

Continúa dicindo que se teñen que poñer a traballar, e que polo menos o centro de día, que era unha cousa que xa estaba concretada na pasada lexislatura, e o tema do Sergas, esas cousas deberían facerse xa.

2ª Cal é a razón de que continúen adiante co proxecto da “Casa das ideas” para o edificio de Arrigada, coa intención de cedelo a entidades de fóra do municipio, despois que fora manifesta a oposición da maioría da corporación a este proxecto?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que ao equipo de goberno non lle consta que se rexeitase o proxecto da “Casa das ideas” globalmente, o que se rexeitou foi a súa inclusión dentro do Proxecto Feder Urban. Di que tras un compromiso coa Consellería de Presidencia, se elaborou unha memoria valorada para rehabilitar ese edificio, e que, en principio, se segue coa idea de dedicalo a un centro que sirva para incluír un salón de actos, unha sala de exposicións, un lugar para asociacións e institucións varias que xeneren opinións, pensamentos, ideas, ..., oficinas comúns, aseos e comunicacións.

Segue dicindo que non se trata de asignar a dedo ningunha cesión a ningún organismo de fóra do municipio. No seu momento haberá un concurso público e xa se verá que asociacións ou entidades se incluírán neste edificio. O obxectivo fundamental que teñen agora é acadar a partires da memoria presentada, cun orzamento de execución por contrata de 470.000 euros, un financiamento suficiente para rehabilitar ese edificio de singular valor histórico e patrimonial.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que o equipo de goberno ten toda a lexitimidade do mundo para facer o que queira dentro da lei, dedicar o edificio ao que desexen, pero que afirmar que a maioría da corporación non dixo que estaban en contra dese proxecto, é negar a evidencia, tanto é así que para acadar os apoios necesarios no Proxecto Urban, do que neste momento non sabe en que situación está, o PP esixiu que retiraran o proxecto da “Casa das ideas”. Ningún dos voceiros dos grupos municipais que falou naquel momento se opuxo a rehabilitar o edificio, ou a dedicalo a actividades de interese para Cambre, senón que no que basicamente estaban todos de acordo era que non se debía meter diñeiro público de Cambre nun edificio simbólico do concello, para cederllo despois ao Instituto de Estudos del Transporte, ao Instituto de Estudos Políticos y Sociales, ao Instituto de Estudos de las Administraciones Locales y del Territorio, en definitiva, a institucións que xa teñen axudas por outras vías no seu ámbito de actuación. Di que o que se ten que facer é acadar diñeiro para rehabilitar o edificio e despois dedicalo ás persoas que viven e traballan en Cambre, non a outras.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que en ningún momento se ten mencionado a ningunha institución en concreto, o que se fixo foi manifestar unhas posibilidades xerais sobre institucións que poderían estar aí. Por outra banda, e en relación coa mención que o Sr. Iglesias fixo ao estado do Proxecto Urban, dille que se remitiu informe totalmente favorable da Xunta oa proxecto, e que o informe previo de valoración técnica do Ministerio de Administraciones Públicas é favorable, que está á espera da asignación orzamentaria correspondente, que agardan que se comunique antes do 15 de xullo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que os nomes non os inventou el, que figuran na memoria do proxecto que presentou o equipo de goberno.

3ª Pode xustificar o alcalde a autorización de gastos por importe superior aos 2000 € por asistencia a cursos de formación do seu persoal de gabinete? Gastos relativos a dous cursos, segundo documentación solicitada polo BNG nos servizos de persoal do concello.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que é decisión do equipo de goberno que todo o persoal, tanto funcionario como laboral, goce de todos os cursos de formación que sexan necesarios para o exercicio da súa función. Dentro disto, e en atención ao disposto no Estatuto do empregado público, todos os funcionarios de emprego eventual teñen a mesma consideración e dereitos que todos os demais.

Segue dicindo que, en relación cos seminarios que se realizaron, no 2007 se fixo un seminario de comunicación política e electoral, cuxo contido inclúe: O auxe da vida política en España, a construción da mensaxe política, os principios para unha xestión eficaz das relacións cos medios, e as relacións públicas na era do entretenimento, linguaxe e comunicación en política, e principios para a xestión eficaz das relacións cos medios de comunicación. Ese seminario tivo un custo total duns 1026,16 euros. No 2008 fixeron dous cursos máis, un sen custo ningún para o concello sobre o financiamento comunitario para proxectos das entidades locais, e outro sobre márketing de cidades, cun custo duns 1000 euros, e cun programa no que se inclúen aplicacións prácticas de city márketing, city márketing e cidadanía, cooperación e competencias, xestión da imaxe urbana, a cidade e a súa imaxe interna, un novo modelo de xestión do comercio local, o márketing urbano como instrumento para o desenvolvemento sostible, descubriendo os valores da súa cidade e a vantaxe de internet como vehículo de promoción da cidade.

Conclúe o Sr. Varela que os obxectivos e contido dos cursos son necesarios para o desenvolvemento profesional dos técnicos e que por iso os autorizaron.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que el non está aí para discutir cuestións de legalidade, que ixo xa o farán outros, como o Consello de Contas e outros. Di que se quere centrar en dúas cuestións de tipo político. Pediu os datos por escrito e as asistencias ás que se referiu o Sr. Varela Tejedor destacan sobre o conxunto de traballadores e traballadoras do Concello de Cambre, tanto polo sitio onde se fixeron como polos importes que se gastaron, porque un deles se realizou aos dous meses, ou menos, da toma de posesión desa persoa do gabinete, de confianza, non sabe porque se contratou a un técnico para ter que mandalo a formar aos dous meses.

Segue dicindo que mirando as propostas que o Sr. Salcines lles deu para ir elaborando o orzamento, viron que a tendencia que se seguía para formación do persoal municipal (laboral, funcionario e interino), que estaba cifrada no orzamento anterior en 34.976 euros, sufriu nesa proposta unha rebaixa do 71 %, e pasou a uns 10.000 euros. Pola contra, a formación de altos cargos, na que se inclúe o persoal de gabinete, sofre un incremento do 32%, e pasa de 2640 euros a 3500. Di que a cantidade en valores absolutos é pequena, pero que as cifras relativas comparadas son grandes. Pensa que hai que apostar pola formación do persoal municipal, porque é un ben patrimonial do concello, no que se gasta, pero que se necesita que mellore de cara ao futuro. Parécelle disparatado dedicalo a persoal de confianza, a persoal de gabinete, sobre todo cando son cousas tan pouco equilibradas con respecto ao que se fai coa formación do outro persoal municipal.

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que non hai un só funcionario municipal ao que se lle teña rexeitado unha petición de formación dende o mes de agosto do ano pasado.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que é un perigo, porque van a comezar a pedir todos os funcionarios para ir a facer cursos lonxe do termo municipal.

Don Francisco Javier Varela Tejedor dille que os cursos se concederán sempre que sexan interesantes e necesarios para a formación do persoal municipal, e que haxa fundamento.

Don José Venancio Salcines Cristal explica que cando se realizou a revisión de todos os gastos executados ao longo do ano 2007, se observou que había determinadas partidas que non se chegaban a gastar, por iso, na preparación dos orzamentos do 2008, o que se fixo foi deixar un importe igual ao que realmente se tiña gastado no 2007.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo solicita do Sr. alcalde que se lle contesten o resto das preguntas presentadas para este pleno, xa que incluso algunha xa foi contestada, e ademais non presentaron rogos.

O Sr. alcalde responde que o número de preguntas que os grupos poden presentar nos plenos é de tres.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 5721 o día 23 de maio de 2008, xunto cos rogos.

1ª Transcorrido un tempo dende a última xuntanza dos grupos políticos e técnicos do concello, para valorar o actual trazado da Vía Ártabra, e a piques de rematar o prazo para que o concello presente as alegacións.

Para cando ten previsto o goberno, convocar aos grupos da oposición co obxectivo de presentar as mencionadas alegacións ao trazado actual da Vía Ártabra proposto pola Xunta de Galicia?

O Sr. alcalde propón que se reúna a comisión informativa o próximo martes, e o pleno o mércores.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que pensa que antes de ir á comisión e ao pleno terían que falar coas dúas asociacións que hai constituídas para este tema, porque senón cometerían un grande erro. Ademais, ese foi o sentido da moción aprobada por unanimidade polo pleno da corporación.

O Sr. alcalde contesta que el recibe a toda a xente que ven a velo, pero que se queren unha entrevista cos grupos, e que el a presida, non ten problema en facelo. Ata o de agora as peticións que se lle fixeron foron dirixidas a el como alcalde, e a esas respondeu. O que teñen que ver neste momento é a alegación que quere facer a corporación, dentro do prazo que hai.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que á parte de remitir a alegación con carácter urxente, fai falta xuntarse cos afectados. Di que hai incluso unha das asociacións que ten un proxecto alternativo, e que lle dixeron que nunca foron recibidos no concello, e que nunca puideron expoñer o seu proxecto ao grupo de goberno.

O Sr. alcalde volve dicirlle que el recibe e se reúne con toda a xente, e que se algún veciño se quere reunir co equipo de goberno, ou coa corporación en pleno, non ten ningún inconveniente, pero que non hai que olvidar que o prazo se agota, iso sen prexuízo de que se estuden todas as peticións e demandas que se presenten polos veciños.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que, a principios de mes, houbo unha reunión da comisión informativa na que se tomaron unha serie de acordos, e que se quedou en facer unha serie de xestións que eran importantes, como por exemplo, que de Política Territorial viñese algún representante ao concello a informar sobre as razóns do proxecto que lles presentaron.

Segue dicindo que pensa que o borrador que lles pasaron o martes está ben, pero que lle faltan moitas cousas, que hai que redondealo bastante, non sabe se dará tempo a facelo o martes para ter que aprobalo o mércores. Tamén pensa que habería que oír a opinión da xente que se agrupou nas asociacións, e que despois xa se verá se se poden aceptar as súas suxestións, pero polo menos que hai que oílos.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, di que tamén o seu grupo expresa ese mesmo sentir, que se deberían reunir coas asociacións antes da comisión.



Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), propón que se reúnan o luns coas asociacións, e que logo se faga a comisión informativa e o pleno.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que non é este o momento para discutir sobre o día do pleno, que despois de dous meses de prazo o que non se pode é deixar as cousas para o último día, e que é certo que, a principios de mes, se falara de reunirse coas asociacións e con representantes da Xunta.

O Sr. alcalde manifesta que, tanto el como un equipo de técnicos municipais, estiveron a disposición de todo o mundo, e que os demais grupos tamén son libres de reunirse con quen queiran, outra cousa é que a petición se dirixa á corporación en pleno, e iso non o fixeron. En todo caso, el non ten ningún inconveniente en reunirse con todos.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que o sentir da moción que o seu grupo presentou para a creación dunha comisión informativa especial da Vía Ártabra, e que despois se acordou integrar dentro do Plan Xeral, era precisamente ese, recibir as persoas, tanto individualmente como ás agrupacións de xente, que incluso prepararon unha alternativa de trazado dende Pravio á A-6. Pensa que non cabe dúbida de que habería que reunirse con eles. É un compromiso que o seu grupo transmitiu aquí.

O Sr. alcalde di que o luns se reunirán coas asociacións.

2ª Nas propiedades pertencentes ao Arcebispado de Pravio, realizáronse traballo por parte do concello.

- En que consistiron os mencionados traballos e a canto ascenderon os investimentos realizados?
- En que medida poden acceder e gozar os veciños/as dos terreos do Arcebispado en Pravio?
- En que situación se encontran as negociacións coas autoridades eclesiásticas, dirixidas a utilización dos terreos contiguos a casa reitoral de Pravio?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que en Pravio faláron co párroco da igrexa da posibilidade de arranxar a zona dos xardíns, ao carón da casa, para que puidese ser usada polos veciños. Ao pouco tempo, o párroco díxolles que era mellor que o falasen co responsable de patrimonio do Arcebispado. Di que así o fixeron, e que no Arcebispado lles dixeron que antes de falar de Pravio había outro tema pendente, o da parroquia de Bribes,

que xa estaba máis avanzado, e que deberían solucionar antes de comezar con outro novo. Eles estiveron de acordo.

Continúa dicindo que, respecto do caso de Bribes, infórmalles que existe un orzamento aproximado para reformar a casa reitoral, que excede dun millón de euros, o cal é unha cantidade bastante importante. Di que dende o grupo de goberno, pensaron na posibilidade de buscar financiamento externo para esa reforma, e por esa razón a vindeira semana, como concelleiro de Facenda, vaise reunir, xunto co Sr. alcalde, co xerente do Consorcio Galego de Benestar, para considerar a posibilidade de que este se implique na reforma de casa reitoral de Bribes, a cambio de que entren servizos vinculados ao Consorcio. Unha vez solucionado este tema de Bribes, retomarán co Arcebispado o tema da parroquia de Pravio.

Di o Sr. Salcines que, respecto das reformas xa realizadas en Pravio, a principal foi a retirada do tellado dunha construción que había na parte de atrás (un galiñeiro ou unha corte, non está moi seguro porque el non estaba alí cando era visible). Di que o tellado estaba en estado ruinoso, e que se corría o perigo de que se causase danos a calquera dos veciños que ían alí, xa que incluso a comisión de festas gardaba cousas alí, nun galpón. Tamén di que se curtou a herba e se limpou a zona, que foi o máis visible para a xente. Eses arranxos tiveron un custo duns 2000 e pico euros.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que cando se fai unha obra como a que se fixo en Pravio, o primeiro que se hai que enterar é de se esa obra é pública ou privada. Di que ao Sr. Salcines se lle dixo en Pravio, nunha reunión, que tivera moito coidado con investir cartos públicos nunha obra privada. Por outra banda, tamén lle di que alí se fixeron obras sen ningún tipo de proxecto, incluso se tirou cun forno de cachotería.

Dille tamén que outra pregunta que lle fixo, e que non lle contestaron, foi en que medida poden os veciños de Pravio utilizar a horta, xa que se puxo unha porta e un cadeado co diñeiro dos contribuíntes de Cambre, e que polas noticias que el ten, impiden que se poida acceder.

Conclúe dicindo que pensa que o que se fixo co tema de Pravio foi unha chapuza, e iso que se lle advertiu ao Sr. concelleiro que non empregase diñeiro nun terreo que non era do concello.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que respecta a opinión do Sr. Taibo, pero sinala que non lle consta que o que dixo sobre o forno, sexa así.

3ª Ante o anuncio por parte do Consorcio das Mariñas do incremento da taxa pola recollida do lixo nun 4,2 %, e as múltiples protestas dos veciños/as cuestionando a calidade do servizo, sobre todo no referente á imposibilidade de acceder os camións a moitos lugares, provocando que teñan que pagar por algo que non reciben.

- Cal foi a postura adoptada polo representante do noso concello no ente supramunicipal sobre o tema?

- Realizou o concello algunha xestión co Consorcio das Mariñas para dar solución ao problema presentado?

O Sr. alcalde contesta que o incremento é o do IPC. Di que o luns teñen unha reunión, porque son varios os concellos que teñen problemas, especialmente coa recollida de lixo, e coa colocación dos contedores. Probablemente se contrate un equipo para estudar a colocación máis axeitada en cada concello.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que claro que hai outros concellos con problemas, concretamente Betanzos é un, e Arteixo outro. Pensa que o problema non son os contedores, senón o acceso dos camións. Noutro pleno xa se pediu que se dotase de camións que puideran acceder a eses veciños, que están pagando por un servizo que non teñen.

Segue dicindo que, dende o ano 2004, a recollida de lixo no Concello de Cambre, e no resto da área metropolitana, subiu un 94%. Nos anos 2004 e 2005 sube un 30 %, no ano 2006 un 60%, e agora suben o IPC, un 4,2 %. Di que non se pode admitir máis subas, sobre todo en relación co servizo que se está prestando, porque hai moita xente que está pagando por un servizo que non ten. Iso é o que os representantes do concello teñen que reclamar cando van ao Consorcio. Tamén lembra que noutro pleno pediron que se lles informara das xestións que se fan noutros entes, e di que do Consorcio das Mariñas nunca souberon nada.

### **Preguntas do GM (PG) presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 5794 o día 26 de maio de 2008.

1ª Que ten pensado facer o goberno municipal respecto ao mantemento das marxes do río Mero?

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que o mantemento do río Mero é competencia de Augas de Galicia, e que o concello pediu que se lle permitise, por esta vez, rozar a eles antes de que chegase o verán.

Don Manuel Marante Gómez di que hai zonas con maleza moi alta, e que sempre se contesta que é tema de Costas. Di que, pola contra, no Paseo Marítimo que tamén é de Costas, o mantemento é cousa do concello e que o pagan os veciños de Cambre.

2<sup>a</sup> Cales son os motivos polo cales non asistiron os concelleiros o Sr. Varela Tejedor e o Sr. Salcines Cristal tanto á mesa de contratación do día 20 como ao pleno extraordinario do día 21 de maio?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que os seus motivos foron estritamente persoais, e que lle deu plena constancia ao Sr. alcalde no seu momento.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que cando chegou á sesión da mesa de contratación eran as 14:15 horas e xa non estaba ninguén, foi unha sesión moi curta porque só se tiña que comprobar uns sobres, e cando chegou un pouco tarde xa marcharan todos. Respecto da sesión do pleno explica que non asistiu por motivos de traballo.

Don Manuel Marante Gómez di que non fixo a pregunta con ánimo de molestar a ninguén, soamente a fixo porque lle chamou a atención que na acta da mesa de contratación puxera que non asistía nin o titular nin o suplente, e que como non había ningunha xustificación, por iso preguntou.

3<sup>a</sup> Que ten pensado facer o Sr. alcalde despois de que a fiscalía detecte indicios de delito respecto do expediente de contratación das cinco prazas de auxiliares interinos?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non ten ningunha constancia de que se teña detectado ningún delito. O que se fixo foi seguir coa tramitación prevista na Lei de enxuízamento, e remitilo ao xulgado para que, no seu caso, se incoen as dilixencias previas para a súa correcta instrución. Di que cando haxa máis noticias ao respecto, se actuará en consecuencia, segundo o que decida o xulgado correspondente.

Don Manuel Marante Gómez di que na prensa viña ben claro, nos titulares, que se detectara por parte da Fiscalía indicios de delito no expediente de contratación dos cinco auxiliares, e

que a secretaria leu hai pouco, no punto dedicado a Informes da Alcaldía, algo sobre este tema, e el o que quere saber é que ten pensado facer o Sr. alcalde.

Don Francisco Javier Varela Tejedor explica que a secretaria simplemente deu lectura á dilixencia que se comunicou oficialmente ao concello, e aí non se fala de indicios de delito, senón de incoar un procedemento que, no seu momento, terá a cualificación que mereza.

O Sr. alcalde responde que el vai esperar a que a Xustiza decida, e que logo xa se tomarán as medidas que sexan necesarias.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia